

Informe de Avaliación Final do proxecto:



“O Globo_Observatorio, escola e espazo de participación”.



DEVALAR
Cooperación internacional

Marzo 2026

Contido

1. INTRODUCCIÓN e CONTEXTO.....	3
2. OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN.....	4
a. Obxectivo xeral.....	4
b. Obxectivos específicos.....	4
3. METODOLOXÍA.....	4
4. FASES DA AVALIACIÓN REALIZADA.....	7
5. PECULIARIDADES DA INTERVENCIÓN DE EPDCG AVALIADA.....	11
6. CRITERIOS DA AVALIACIÓN.....	13
PERTINENCIA.....	13
EFICACIA.....	15
EFICIENCIA.....	22
IMPACTO.....	23
SOSTIBILIDADE.....	27
7. CONCLUSIÓNS e RECOMENDACIONES FINAIS.....	28
8. ANEXOS.....	31

1. INTRODUCCIÓN e CONTEXTO.

No eido estatal, a Educación para o Desenvolvemento recoñécese como unha compoñente clave na política de cooperación na Lei 1/2023, de 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e Solidariedade Global e, a nivel autonómico, coa aprobación da Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia reafirmase o compromiso e, asume como propia, a responsabilidade de cooperar con outros países para propiciar o seu desenvolvemento integral e impulsar e promover a participación social e cidadá nas accións de cooperación para o desenvolvemento, así como fomentar a educación para o desenvolvemento e a sensibilización da sociedade galega sobre a realidade dos pobos máis desfavorecidos, potenciando unha ética asentada en valores de convivencia pacífica, tolerancia e igualdade entre as persoas.

A partir destas premisas, do contexto, da actualidade internacional e da necesidade de seguir afondando no pensamento crítico da sociedade galega, especialmente no eido educativo, Solidariedade Internacional de Galicia executa unha nova edición do proxecto O Globo que alberga e impulsa micro-experiencias de transformación social compartidas coa sociedade a través de numerosas actividades entre as que destaca especialmente un encontro anual e un espazo web que recolle as diferentes experiencias rexistradas por diferentes actores no contexto galego.

O presente informe, recolle os resultados da avaliación externa deste proxecto, solicitado por Solidariedade Internacional de Galicia, financiado pola convocatoria de subvencións de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global_ EPDCG¹ para as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, (código de procedemento PR804A) da Xunta de Galicia do ano 2024. O proxecto executouse dende o 1 de agosto de 2024 ata o 31 de marzo de 2026 cun orzamento total de 38.600,51€ (35.000 € da Xunta de Galicia).

É necesario compartir que se trata dun proxecto ambicioso, con peculiaridades que obrigan a saír da rixidez dunha avaliación tradicional. Así, á marxe de ser analizados os criterios básicos de pertinencia, eficacia, eficiencia, impacto e sostibilidade concedeuse unha especial importancia á innovación na avaliación para tentar favorecer o debate interno na ONGDs Solidariedade Internacional de Galicia como na Subdirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia, como principal entidade financiadora.

A estrutura deste informe de avaliación divídese en dúas partes diferenciadas: unha primeira, referida á introducción, breve descripción das peculiaridades do proxecto, obxectivos, metodoloxía e fases do traballo realizado. E unha segunda parte relativa á avaliación do proxecto conforme aos criterios de pertinencia, eficacia, eficiencia, impacto e sostibilidade. A continuación, expóñense recomendacións e leccións aprendidas.

Se pecha o informe cunha relación de anexos, nos que se inclúe a Proposta de Servizos, as claves da reunión inicial entre o equipo implicado de Devalar Consultoría e o de Solidariedade Internacional de Galicia e algunhas imaxes durante o proceso de avaliación.

¹ EPDCG_ Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global.

2. OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN.

a. Obxectivo xeral.

Avaliación externa final do proxecto O Globo que garanta a medición dos resultados acadados a partir dos criterios clásicos dunha avaliación externa sen esquecer as peculiaridades e a innovación da iniciativa en Galicia.

b. Obxectivos específicos.

- Incidir, durante o proceso avaliador, nas metodoloxías empregadas no proxecto O Globo así como na utilidade do espazo web e das microexperiencias transformadoras en Galicia.
- Acompañar ao equipo de SIG nas claves, e reflexión necesaria, para poñer en valor O Globo, que sirvan para reformular obxectivos, repensar actividades a manter e mellorar as que, visiblemente, non funcionan.

3. METODOLOXÍA.

A proposta metodolóxica para o presente traballo de avaliación perseguíu a obtención de información relevante que permitise comprobar e valorar os resultados obtidos e o grao de alcance dos obxectivos formulados. As conclusións e recomendacións resultantes do proceso avaliador perseguen, tamén, apoiar as estratexias de EPDCG de Solidariedade Internacional de Galicia.

A metodoloxía para a avaliación ten como punto de partida o Enfoque do Marco Lóxico e a Xestión do Ciclo do Proxecto de EPDCG. Ademais do foco nos criterios clásicos de valoración da pertinencia, eficacia, eficiencia, impacto e sostibilidade, amplía as claves avaliadoras incorporando a necesaria flexibilidade nun proxecto que excede da estrutura clásica pero merece a continuidade por ser un espazo valorado e con impacto.

Deste xeito a avaliación contou cunha metodoloxía práctica a través da recollida de información durante a participación "in situ" do equipo avaliador a dúas das actividades organizadas no marco de O Globo, incorporando claves de "observación participante e rexistro" no caso do VII Encontro o 13 de xuño de 2025 e da formación presencial impartida por María Galindo no Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela o 8 de xaneiro de 2026. A metodoloxía teórica volcouse no análise da documentación xerados ao longo da execución de O Globo. Así, de forma resumida pode compartirse que para a recollida de información harmonizouse:

A. Consulta de **Fontes Secundarias** de datos:

- Recopilación de documentación e informes xerados ao longo da execución do proxecto.
- Recopilación de datos referidos ás microexperiencias
- Análise da documentación seleccionada por SIG de anteriores edicións de O Globo.

B. Captación de Datos Primarios mediante:
B.1 Técnicas cualitativas de recollida de datos
<ul style="list-style-type: none"> • Observación participante durante o VII Encontro O Globo e o Espazo Formativo con María Galindo. • Análise discursivo e conversas informais durante a participación “in situ” en actividades.
B.2 Técnicas cuantitativas de recollida de datos:
<ul style="list-style-type: none"> • Nesta ocasión, e previa consulta co equipo técnico de SIG valorouse de forma consciente non realizar enquisas e/ou entrevistas ás persoas participantes das principais actividades avaliadas por non xerar maior desgaste “administrativo” e apoiarse nas enquisas de peche realizadas por Solidariedade Internacional aportadas como fontes de verificación.

Tanto no enfoque teórico como práctico, traballouse a partir dos criterios de obxectividade, calidade, discreción e profesionalidade ao longo de todo o proceso tendo sempre en conta as seguintes premisas:

- 1 Imparcialidade: neutralidade, transparencia e equidade no proceso de análise e xeración de conclusións
- 2 Credibilidade: validez e o rigor na análise dos datos empregados no proceso.
- 3 Carácter retroalimentador: xeración de información que contribúa a retroalimentar o proceso de toma de decisións de SIG e a aprendizaxe para as seguintes convocatorias de O Globo.

As técnicas para a recolección e a análise dos datos foron deseñadas polo equipo avaliador e recolleron moitas das demandas de Solidariedade Internacional de Galicia.

Do mesmo xeito e para non duplicar esforzos no levantamento de datos o equipo avaliador tivo en conta información xa dispoñible na análise dos indicadores da Liña de Base realizada e nos datos aportados no informe final por parte da entidade responsable do seguimento do proxecto: Solidariedade Internacional de Galicia.

Desta forma, a análise e tratamento dos datos recollidos para a avaliación permitiu a valoración dos seguintes criterios:

- **PERTINENCIA**, referida á adecuación dos resultados e os obxectivos da intervención ao contexto galego. Adecuación da acción ás necesidades para avanzar no pensamento crítico que favoreza a implicación de diferentes niveis educativos, institucións e entidades, así como a transformación dunha sociedade desigual e inxusta.
- **EFICACIA**, valoración do alcance do obxectivo e dos resultados previstos na sociedade galega. Valoración do logro dos resultados e, por tanto, do éxito das actividades executadas.

- **EFICIENCIA**, medida do logro dos resultados en relación aos recursos utilizados que busca a combinación óptima entre os recursos financeiros, materiais, técnicos e humanos dispoñibles para obter os resultados previstos.
- **IMPACTO**, significado dos efectos que a intervención trazada ten sobre a comunidade galega en xeral, no sentido máis amplo.
- **SOSTIBILIDADE**, grao no que os efectos positivos derivados da intervencións poidan continuarse unha vez finalizada o apoio da Xunta de Galicia.

4. FASES DA AVALIACIÓN REALIZADA.

Fase de Gabinete (Duración: 16/12/2025-22/12/2025)

REVISIÓN DOCUMENTACIÓN FASES ANTERIORES e da LIÑA DE BASE

Revisión dos antecedentes de O Globo e identificación das principais necesidades de información para completar a proposta de servizos inicialmente entregada.

O documentos consultados nesta fase foron:

- Formulario técnico e económico O Globo 2024 + MML + Anexos I-XX.
- Matriz de Marco Lóxico da Intervención.
- Información básica das convocatorias anteriores de O Globo.
- Información pública no espazo web O Globo e O Prisma.
- Liña de base e estudos específicos.
- Informes sobre as microexperiencias ou accións de EPDCG dos actores implicados.
- Informe técnico final do proxecto presentado por SIG e as súas correspondentes fontes de verificación.
- Informe económico final presentado por SIG:
 - Certificación dos gastos co importe total do proxecto distribuídos por partidas orzamentarias e na cal se indiquen as distintas fontes de financiamento.
 - Certificado desagregado e detallado de custos indirectos.
 - Documentación xustificativa relativa ás axudas de custo, impostos, persoal e á propia actividade de EPD obxecto de avaliación.

REVISIÓN E AXUSTE DOS INDICADORES DA AVALIACIÓN:

A partir do traballo de levantamento da Liña de base e das conversas e reunións co equipo técnico implicado de SIG, o equipo avaliador analizou a pertinencia dos indicadores marcados aportando novas propostas de indicadores segundo os antecedentes do proxecto e as demandas compartidas por Solidariedade Internacional de Galicia co obxectivo prioritario de poñer en valor O Globo.

AXUSTE DA PROPOSTA INICIAL DA AXENDA DE TRABALLO:

En coordinación con Solidariedade Internacional de Galicia o equipo avaliador acordou os novos prazos e entregas dos produtos da avaliación externa a partir das necesidades da entidade e da solicitude de prórroga á Xunta de Galicia.

Traballo de Campo_Actividades seleccionadas do proxecto O Globo (data dos eventos)

O equipo da consultoría encargouse de realizar as tarefas de avaliación de xeito coordinada co equipo de Solidariedade Internacional de Galicia para valorar as actividades con vocación de permanencia futura: Encontro anual O Globo, Espazo web O Globo, Espazos formativos. Deste xeito participouse de forma presencial no VII Encontro do Globo (13 xuño de 2025) e na formación (8 xaneiro 2026) de María Galindo da organización boliviana Mulleres Creando para a realización das seguintes técnicas avaliadoras:

- Rexistro de observación (participante).
- Recoñecemento da actividade e análise discursivo “in situ.”
- Recollida de información e testimonios a través das conversas informais.
- Valoración das actividades segundo os obxectivos definidos no marco do proxecto.

Durante todo o proceso de recollida da información necesaria, o equipo avaliador partiu dun enfoque eminentemente **participativo** e **práctico**. Participativo, por asistir como un actor máis aos diferentes eventos e práctico, por poñer o foco na utilidade da avaliación para mellorar o proceso e garantir a sostibilidade e os impactos da iniciativa.

Para valorar a información recollida deseñouse unha ferramenta (excel) específica para poder valorar diferencias entre o formulado e o executado nesta etapa de O Globo, tamén para valorar a utilidade dos indicadores marcados e das fontes de verificación destacadas.

Observación: tras consulta-lo co persoal técnico de SIG, valorouse non implementar durante o proceso avaliador novas técnicas cuantitativas de recollida de información a través de cuestionarios on line ou grupos de discusión, co propósito de non saturar máis ás persoas participantes nesta edición.

Fase de Gabinete. Elaboración do Informe de Avaliación (Duración: 26/01/2026-20/03/2026)

ANÁLISE DOS DATOS DO INFORME FINAL DE O GLOBO.

Para determinar a pertinencia dos obxectivos, o seu grao de realización, a eficiencia na execución, a eficacia, o impacto e a sostibilidade das microexperiencias (iniciativas) o sistema de avaliación combinou:

- Análise de datos cualitativos: a partir da información levantada durante o proceso avaliador.
- Análise de datos cuantitativos: a partir dos indicadores definidos na Matriz de Marco Lóxico e verificados nas fontes de verificación aportadas.

ELABORACIÓN DO INFORME DE AVALIACIÓN EXTERNA.

- Elaboración e presentación da parte preliminar do informe de avaliación.
- Remisión do informe final á SIG unha vez consolidado.

Taboa 1: Fases do Traballo de Avaliación.

FASE	DURACIÓN	ACTIVIDADES e RESULTADOS	METODOLOXÍA
Fase de Gabinete (Revisión Documental)	16/12/2025- 22/12/2025	<ul style="list-style-type: none"> - Análise da documentación inicial facilitada por SIG. - Deseño de ferramentas de análise de datos para a avaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Revisión dos antecedentes. • Recuperación das claves da Liña de Base. • Conversas co técnico de SIG responsable do proxecto. • Axuste dos tempos do Plan de Traballo e entrega de resultados.
Traballo de Campo	22.05.2025 (11.00-14.00h) en Santiago de Compostela (Casa Xoana Torres)	Reflexión crítica dirixida, previa ao proceso de acompañamento externo por parte de Devalar	<ul style="list-style-type: none"> • Grupo de Discusión co equipo de SIG.
	13/06/2025 (10.00-14.00h) Santiago de Compostela (Centro Estudos Avanzados da USC)	Asistencia e participación no VII Encontro do Globo	<ul style="list-style-type: none"> • Observación participante. • Conversas informais con asistentes. • Rexistro de observación.
	08/01/2026 (11.30-14.30h) Santiago de Compostela (Museo do Pobo Galego)	Asistencia á Xornada formativa do Globo con María Galindo de Mulleres Creando.	<ul style="list-style-type: none"> • Observación participante. • Conversas informais con asistentes. • Rexistro de observación.
Fase de Gabinete (Informe Final)	26/01/2026- 20/03/2026	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración do borrador e conversa-devolución de resultados sobre o informe de avaliación con persoal técnico de SIG o 13/03/2026. • Unha vez consolidado o borrador foi remitido á SIG o informe final o 20/03/2026. 	<ul style="list-style-type: none"> • Estudo e análise da documentación e información recompilada. • Comparativa formulación do proxecto - informe técnico e económico final. • Elaboración e presentación do informe á entidade contratante.

Se ben, debe destacarse a dispoñibilidade e o espírito de colaboración demostrado, en todo momento, polo equipo de Solidariedade Internacional de Galicia, cómpre compartir tamén algúns elementos que limitaron as expectativas do proceso avaliador:

- A necesidade de partir dunhas claves innovadoras diferentes ás das avaliacións externas tradicionais, por entender que as peculiaridades de O Globo (que ten como obxectivo principal a xeración de espazos de encontro e formativos que favorezan o pensamento crítico dende un enfoque máis amplo e xenérico) o requirían.
- A estratexia aberta e flexible, que ten Solidariedade Internacional de Galicia para favorecer a participación, dificulta a definición de indicadores de partida para a Liña de Base, e polo tanto para unha avaliación tradicional xa que, cada ano (ou periodo de execución do proxecto) as persoas e entidades que se achegan ao Globo son diferentes e diversas en cada edición. A pesar de considerarse un programa polos antecedentes da proposta, a medición dos impactos cualitativos é complexa por non poder valorar posibles evolucións, tendo en conta que non se repiten, en moitos casos, persoas ou entidades implicadas e nunca as microexperiencias (iniciativas) compartidas.
- Os diferentes niveis académicos impiden sacar conclusións dos impactos das accións de EPDCG desenvolvidas.
- Realizar unha avaliación externa coñecendo o interese da entidade responsable en prescindir a medio prazo (para as próximas fases previstas) dalgún dos resultados agardados condiciona o foco da avaliación global pero, tamén, axuda a focalizar esforzos.
- A ambición do proxecto dificulta a medición do impacto e da sostibilidade a pesar de valorar a pertinencia e a necesidade dunha iniciativa como o Globo en Galicia.

5. PECULIARIDADES DA INTERVENCIÓN DE EPDCG AVALIADA.

ÁREA DE INTERVENCIÓN.

O Globo é un proxecto ambicioso que ten a súa orixe xa no ano 2017 e, dende ese ano, pasou por diferentes fases. O momento desta avaliación externa final coincide cun cambio de ciclo na vida de O Globo xa que, a nivel interno, o equipo de SIG quere reformular a proposta inicial, pero seguir adiante co mesmo obxectivo pois a experiencia permítelles valorar a proposta como pertinente e necesaria favorecendo a xeración de espazos de reflexión crítica para a cidadanía galega.

A ambición referida non ten tanto que ver cos obxectivos do proxecto como cos colectivos destinatarios e a área de influencia territorial que acada. Concretamente:

- Profesorado e comunidade educativa de:
 - Centros de ensino de infantil, primaria, secundaria e universitaria.
 - Centros de ensino de áreas rurais e urbanas.
 - Centros de ensino grandes e pequenos en volumen de alumnado.
- Colectivos sociais das 4 provincias galegas.
- Sociedade galega en xeral, dende un punto de vista amplo.

Así, a partir dos debates iniciais co equipo implicado de SIG definiuse unha “avaliación ad hoc” que, sen necesidade de avaliar en profundidade a totalidade dos resultados esperados si socavase nos resultados 1 e 3 e no alcance do Obxectivo Específico incorporando reflexións realizadas na Liña de Base.

Esta fórmula e avaliación recolle entón “dúas velocidades”: por unha banda a análise do alcance de indicadores dos resultados R2, R4 e R5 por parte do equipo de SIG e unha avaliación formativa dos obxectivos do proxecto e dos resultados R1 e R3 por parte do equipo avaliador de Devalar, especialmente necesario neste “cambio de ciclo” do proxecto.

ACTORES IMPLICADOS NA AVALIACIÓN.

Os principais actores que participaron deste proceso avaliativo foron:

- **EQUIPO TÉCNICO DE SOLIDARIEDAD INTERNACIONAL DE GALICIA.**

ONGD responsable de levar a cabo todas as accións do proxecto dun xeito activo e de asesorar e acompañar ao resto de participantes no proxecto. SIG acompañou en todo momento o proceso avaliador facilitando, con total transparencia, toda a información e documentación referida ao proxecto e facilitando a avaliación final.

▪ COLECTIVOS SOCIAIS.

Devalar Consultoría asistiu presencialmente o 13 de xuño de 2025 ao VII Encontro de O Globo (Resultado 3) e o 8 de xaneiro de 2026 á Xornada Formativa (Resultado 2) dirixida por María Galindo de Mulleres Creando no Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela. Neses encontros, o equipo da consultoría, mesturou observación participante e conversas informais coas persoas asistentes para coñecer de primeira man o sentir e a valoración dos diferentes colectivos ás actividades.

Deste xeito foi posible compartir no VII Encontro de O Globo en Santiago de Compostela conversas informais con asistentes de entidades que presentaban as súas experiencias. Das doce que foron presentadas², mantívose conversa coa Feira Vegana e Sostible de Galicia (Vegana)³ a propósito de “Cinema a Pedal. Festival de cine, deporte e medio ambiente”, orientado a promover a cultura, a participación comunitaria e a mobilidade sostible; e coa Asociación de Persoas con Discapacidade das Comarcas de Muros e Noia (Misela)⁴ pola experiencia Voga-Voga, que promove a transformación de residuos plásticos en emprego dirixido a xóvenes e adultos con diversidade funcional. Asemade, mantívose conversa co grupo de Regueifa Erre que Erre⁵, unha vez finalizada a súa actividade.

▪ PROFESORADO E COMUNIDADE EDUCATIVA GALEGA.

A pesar de ser un dos colectivos priorizados na Proposta de Servizos de Devalar para levantar información que facilitara a avaliación final do proxecto, valorouse co equipo de SIG, como xa foi compartido, non realizar un contacto directo a través de enquisas ou entrevistas por non saturar ás persoas xa implicadas.

Deste xeito, non foi un colectivo que participara directamente do proceso da avaliación externa final pero si dos procesos avaliativos que levou a cabo SIG nas diferentes actividades executadas. Tamén foi posible compartir conversas informais co profesorado asistente ao VII Encontro de O Globo en Santiago de Compostela.

² O total de experiencias presentadas polos diferentes colectivos foron as seguintes: 1) Abeiramos! Nos nosos mapas, todo o mundo ten cabida. ACPD; 2) Agra, un barrio de coidados: das aulas á rúa. ASF, IES Agra do Orzán; 3) Campaña Stop Idadismo. ATEGAL; 4) Cinema a pedal. Festival de cine, deporte e medio ambiente. Asociación Vegana.gal; 5) Enraizadas: un proxecto ecofeminista. Asociación EuroEume; 6) Festival Multiculti, un evento para o intercambio entre persoas. Asociación Cultural e de Ocio Asanta Teranga; 7) Implicades contra o xenocidio en Palestina. BDS Galiza; 8) Protexendo vidas nos campamentos saharauís. Protección civil en acción. Asociación Integral de Rescate en Emergencias (AIRE); 9) Todas somos palestinas: artivismo textil contra o femixenocidio en Gaza. Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero da Facultade de Ciencias da Educación, UDC; 10) Vegana.gal, feira para un mundo sen especismo. Asociación Vegana.gal; 11) Voga-voga, pola redución dos residuos plásticos. Asociación MISELA.; 12) O solar da pomba. Asociación Emaús.

³ Máis información en: <https://vegana.gal/>

⁴ Máis información en: <https://misela.es/>

⁵ Máis información en: <https://www.instagram.com/regueifaerrequeerre/>

6. CRITERIOS DA AVALIACIÓN⁶.

PERTINENCIA.

Nunha sociedade caracterizada pola globalización e a sobreabundancia de información dixital, o desenvolvemento do pensamento crítico convértese nunha competencia fundamental para a participación democrática e a comprensión dos problemas globais. Ao mesmo tempo, investigacións educativas en Galicia, como o caso de Gemma R. Vega⁷ da USC mostran que o interese pola lectura tende a diminuír durante a adolescencia, o que pode afectar o desenvolvemento de habilidades analíticas e reflexivas. Neste contexto, a Educación para a Cidadanía Global preséntase como unha ferramenta pedagóxica clave para fomentar o pensamento crítico, a conciencia social e a participación activa do alumnado ante os desafíos globais contemporáneos.

A realidade social da mocidade galega presenta diversos retos que xustifican a implementación de proxectos como O Globo orientados ao desenvolvemento da cidadanía global. Por unha banda, diferentes estudos sobre mocidade sinalan niveis relativamente baixos de participación cívica formal entre os mozos, o que limita a súa implicación na vida democrática e comunitaria. Por outra banda, Galicia presenta características demográficas e territoriais específicas. Neste contexto, O Globo expónse como unha ferramenta pedagóxica que permite fomentar o pensamento crítico, a participación activa e a comprensión dos desafíos globais, conectando ao mesmo tempo a realidade local con problemáticas de alcance internacional.

A proposta **é pertinente a partir da revisión dos antecedentes** compartidos pola entidade responsable do proxecto e pola evolución de O Globo dende 2017, o obxectivo xeral e específico propostos son coherentes e pertinentes. Desta forma queren (O.X) contribuir á promoción dunha cultura participativa en Galicia con enfoque de cidadanía global e feminista, a través de (O.E) promover oportunidades para aprendizaxes significativas en materia de participación con perspectiva global e feminista das persoas activistas e voluntarias de colectivos formais e non formais de Galicia (atención á mocidade) e do profesorado galego.

Resulta tamén **pertinente o proceso de revisión interna** no que se atopa a entidade responsable do proxecto a partir dos resultados obtidos (que serán compartidos nos apartados correspondentes)

Asemade, a intervención presenta un elevado grao de coherencia coa Lei de educación, Lei Orgánica 3/2020 – LOMLOE. Disposición adicional sexta. Educación para o desenvolvemento sostible e para a cidadanía mundial:

“Tal como se establece no 4º Obxectivo de Desenvolvemento Sostible e a Axenda 2030, a educación para o desenvolvemento sostible e para a cidadanía mundial terase en conta nos procesos de formación do profesorado e no acceso á función docente”.

Tamén é coherente coa **Axenda 2030**, concretamente favorece o alcance do ODS 4.7:

⁶ Pola peculiaridade do proxecto e os sector de traballo no que nos atopamos de EPDCG non se fará unha avaliación específica do enfoque de xénero, de sostibilidade ambiental ou do enfoque de dereitos polo tipo de proxecto que é xa que o Globo recolle as diferentes temáticas como inherente aso procesos de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global.

⁷ Lectura e educación: hábitos lectores nos centros de secundaria de Galicia. (2022). Innovación educativa, 32. <https://doi.org/10.15304/ie.32.8658>.

“De aquí a 2030, asegurar que todo o alumnado adquira coñecementos teóricos e prácticos necesarios para promover o desenvolvemento sostible, entre outras cousas mediante a educación para o desenvolvemento sostible, estilos de vida sostibles, DDHH, igualdade de xénero, promoción dunha cultura de paz e non violencia, a cidadanía mundial e a valoración da diversidade cultural e a contribución da cultura ao desenvolvemento sostenible”

Asemade está aliñado co **Plan Director da Cooperación Española para o Desenvolvemento Sostible e a Solidaridade Global 2024-2027**, cando especifica que se promoverá o fortalecemento das capacidades do persoal educativo, así como a transformación de entornos de aprendizaxe e programas educativos en centros escolares e universidades que contribúan ao logro da meta 4.7 do ODS 4.

O proxecto resulta tamén coherente co **V Plan da Cooperación Galega 2023-2026** favorecendo a “L.A.3.3. Mellorar a calidade e o impacto da educación para a cidadanía global”. Por último, tamén é pertinente coa **Planificación Estratéxica de Educación de SIG** para os anos 2022-2027.

Noutra orde de cousas pódese confirmar esa pertinencia pola coordinación e complementariedade existente, durante a execución do proxecto, con outros actores do territorio entre os que destacan:

- Colectivos formais e non formais, con quen xeraron espazos de coordinación e traballo para a difusión e traballo coas ONGs concretamente coas especializadas en Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global.
- Centros educativos de Galicia e o profesorado, xerando redes de colaboración e sinerxías, mediante o acompañamento para difundir a metodoloxía e a ferramenta de O Globo.
- Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia coa que SIG tentou homologar a formación.

EFICACIA.

En liñas xerais, pódese afirmar que o grao de alcance do obxectivo específico plantexado ten sido elevado, contribuíndo de forma axeitada ao logro do obxectivo xeral plantexado: *Contribuír á promoción dunha cultura participativa en Galicia con enfoque de Educación para a Cidadanía Global e feminista.*

O proxecto presenta un grao de eficacia elevado. Esta afirmación fundaméntase na comparativa da formulación inicial, co nivel de consecución do obxectivo específico como dos resultados agardados, especialmente dos que son obxecto desta avaliación externa o R.1 e o R.3.

Da revisión das fontes de verificación presentada, da documentación facilitada e da observación participante realizada polo equipo avaliador pode concluirse que foron executadas todas as actividades inicialmente definidas acadando un alto grao de cumprimento dos indicadores, especialmente no relativo á participación de colectivos sociais á asistencia aos espazos formativos e de encontro, á incorporación da perspectiva feminista nas microexperiencias (iniciativas).

De maneira xeral, as actividades realizadas contaron coa coherencia necesaria para acadar os resultados agardados e obxectivos previstos. A pesar disto, é preciso destacar que os indicadores definidos teñen un excesivo peso cuantitativo en contraposición información cualitativa. Son indicadores que permiten medir o grao de participación, visibilizacións das microexperiencias (iniciativas), etc. pero non aportan información sobre o impacto desa participación nos colectivos sociais nin de transformación social ou impacto do rexistro e visibilización das microexperiencias (iniciativas) engadidas ao Globo.

Resultados acadados a nivel de Obxectivo Específico

Indicadores	Observacións da avaliación
IOV.OE1.1. Executadas a lo menos o 90% das actividades do proxecto.	Acadado e superado. Foron executadas todas as actividades do proxecto.
OV.OE1.2. A lo menos 15 colectivos implicados no proxecto	Non acadado xa que foron 12 colectivos implicados no proxecto. O menor alcance en número de colectivos non ten que implicar menor impacto, pero si que non aporta en termos de eficacia.
IOV.OE1.3. A lo menos 10 centros educativos participan no proxecto a través do seu profesorado.	Non acadado pois foron finalmente 4 centros educativos participantes ⁸ . Este dato respalda as decisión que Solidariedade Internacional de Galicia tomará para as próximas edición de O Globo, modificando os obxectivos do traballo co profesorado por recoñecer a dificultade atopada nos últimos anos.
IOV.OE1.4. A lo menos 25 persoas formadas en contidos de activismos, participación, DD.HH, ODS.	Acadado e superado A proposta formativa superou cuantitativamente o indicador previsto e acadouse un alcance de 55 número de persoas e colectivos.

⁸ CEIP Manuel Sieiro, CEIP de Melide, CEIP San Francisco Javier e CPI Virxe da Cela.

Indicadores	Observacións da avaliación
IOV.OE1.5. A lo menos o 60% das participantes no proxecto son mulleres.	Acadado e superado. O indicador foi superado pois o 83,33% das asistentes foron mulleres (o 16,67% son homes). No Encontro de O Globo, o 58,33% das asistentes foron mulleres.
IOV.OE1.6. A lo menos o 75% dos/as participantes do proxecto identifican O Globo como ferramenta de participación.	Acadado e superado. 98,5% das persoas asistentes ao Encontro de O Globo identifican O Globo como ferramenta de participación.
IOV.OE1.7. A lo menos 20 microexperiencias de transformación social recollidas na web.	Non acadado pois o número de microexperiencias foi menor. Lograron recoller un total de 16 microexperiencias (iniciativas) de transformación social na web de O Globo, pero no inicialmente marcado.
IOV.OE1.8. A lo menos 30 persoas utilizan O Globo como ferramenta de participación.	Acadado e superado. Só co alumnado dos centros educativos, xa alcanzan 99 persoas.
IOV.OE1.9. Avaliación realizada do proxecto.	Acadado. O proceso avaliador externo foi realizado durante semanas en formato "de acompañamento" co equipo responsable de SIG que culminou no presente documento final.
IOV.OE1.10. O 60% das microexperiencias incorporan elementos que reforzan o seu carácter feminista.	Acadado e superado. O 100% das microexperiencias incorporan tanto de xeito explícito como transversal, elementos que reforzan o carácter feminista de O Globo.
IOV.OE1.11. Desenvoltas a lo menos 2 microexperiencias de transformación social en cada provincia galega.	Non acadado. Superouse o IOV en termos xerais, pero non lograron incorporar á provincia de Lugo: 8 desenvóléronse na provincia da Coruña, 1 en Ourense, 4 en Pontevedra, 2 en toda Galicia e 1 no exterior (no Sáhara).
IOV.OE1.12. Máis do 50% das microexperiencias desenvólvense en contextos rurais.	Acadado. 8 das 16 microexperiencias desenvólvense en contextos rurais.

Sobre a eficacia do Obxectivo Específico:

Para o alcance do Obxectivo Específico acadáronse o 75% dos indicadores definidos. Isto representa un elevado grao de eficacia na lóxica interna da proposta formulada.

Foron superados 6 dos indicadores marcados, dun total de 12 indicadores a nivel de Obxectivo Específico (O.E.1.1, O.E.1.4, O.E.1.5, O.E. O.E.1.6, O.E.1.8 e O.E.1.10) mellorando as expectativas previstas e permitindo tomar decisión nunha fase de reflexión e cambio de fase de O Globo.

O indicador IOV.OE1.1 (Executadas a lo menos o 90% das actividades do proxecto) non aporta información sobre a eficacia. Este indicador é implícito na lóxica dun proxecto de Educación para o Desenvolvemento ou Cooperación para o Desenvolvemento.

No momento no que o proxecto é aprobado enténdese que a lóxica interna da proposta, e polo tanto, das actividades previstas é equilibrada, coherente, pertinente e asumible.

A continuación, realizaranse unha revisión dos resultados esperados, pero con maior **detalle a medición dos resultados 1 e 3** por ser os que priorizaranse na reformulación das próximas fases de O Globo en tamén, por manter harmonía coa Liña de Base levantada. Os resultados 2, 4 e 5 contemplarán a información básica sobre a eficacia dende unha análise xeral.

R1 IMPULSADAS E VISIBILIZADAS MICROEXPERIENCIAS (iniciativas) DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL

Indicadores	Observacións da avaliación
I1.1.- A lo menos visibilizadas 20 microexperiencias de transformación social.	Non acadado. Non chegaron cuantitativamente á cantidade prevista e visibilizaron 16 microexperiencias de transformación social na web de O Globo.
I1.2.- Realizadas 4 intervencións socioeducativas en centros educativos galegos ao longo do curso escolar 2024/2025 para motivar o desenvolvemento de microexperiencias de transformación social.	Non acadado. 2 intervencións de acompañamento socioeducativo realizadas, no IES de Melide e no CEIP San Francisco Xavier.
I1.3.- A totalidade das microexperiencias de transformación social teñen vínculos cos ODS (e así aparece recollido na web).	Acadado O 100% das microexperiencias está relacionada cos ODS correspondentes na web de O Globo.

Sobre a eficacia do Resultado 1:

- Dos 3 indicadores que permiten medir a eficacia deste primeiro resultado soamente 1 foi acadado. En termos xerais, un 33% de alcance implica un grao de eficacia insuficiente neste resultado.
- En termos de eficacia o indicador I.1.1 non acada a cantidade de visibilizacións previstas por non acadar o número de novas microexperiencias, pero do mesmo xeito que se recomendou na Liña de Base é interesante reflexionar o porqué dese dato é dicir, desa cantidade de microexperiencias, para valorar se debe manterse, reducirse ou ampliarse cun obxectivo concreto.
- A dificultade de acadar o indicador I.1.2 está no debate da reformulación de O Globo por parte do equipo de SIG para o 2026. Igualmente, e a modo de análise final paga a pena repensar se, ademáis do cansancio e volumen de traballo asumido polo profesorado galego, a falta de participación dos centros educativos pode deberse a outra razón que, a longo prazo, poda chegar a atenderse no marco dun proxecto destas características.
- Por último, o indicador I.3 foi acadado con éxito ao 100%.

R2 FORTALECIDAS AS CAPACIDADES (COÑECEMENTOS, HABILIDADES, ACTITUDES) PARA EXERCER A PARTICIPACIÓN SOCIAL CON ENFOQUE DE ECG.O GLOBO COMO ESCOLA.

Indicadores	Resultados
I2.1.- Realizado 1 curso de formación homologado pola Consellería de Educación cunha duración de 20 horas.	Non acadado Realizado 1 curso de formación cunha duración de 20 horas, pero sen lograr a homologación pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia.
I2.2.- A lo menos 11 profesores/as completan a formación do CAFI. (Non acadado xa que aínda que 3 profesoras superan a formación o indicador previsto era superior e non lograron as 11 persoas previstas.
I2.3.- A lo menos o 60% do profesorado traballa co seu alumando baixo a metodoloxía de luces-cámara-acción durante o proxecto.	Acadado e superado xa que o 100% do profesorado participante do proxecto utiliza a metodoloxía Luces- Cámara- Acción
I2.4.- 11 profesores/as galegos/as afirman adquirir novos coñecementos para fomentar a participación social con enfoque de ECG nas aulas ao finalizar o proceso formativo.	Non acadado xa que non lograron implicar a este número de profesorado a pesar de que 5 persoas que participaron na enquisa indican que adquiriron novos coñecementos para fomentar a participación)
I2.5.- A lo menos 6 microexperiencias de transformación social realizadas polo profesorado co seu alumnado no marco do curso.	Non acadado xa que lograron soamente 4 microexperiencias.
I2.6.- Realizada unha proposta formativa orientada a colectivos sociais e persoas interesadas sobre contidos teóricos e prácticos da participación, con contidos específicos sobre a participación con enfoque de xénero.	Acadado xa que realizaron esa proposta formativa cos colectivos sobre contidos de participación.
I2.7.- O 80% das persoas que participan da proposta formativa confirma ter adquiridos coñecementos e habilidades para exercer unha participación máis comprometida con perspectiva de ECG e feminista unha vez realizado o itinerario formativo.	Acadado e superado xa que 25 das 26 persoas que cubren o cuestionario de avaliación da formación con Mujeres Creando (o 96,15%), afirman ter adquiridos coñecementos e habilidades para exercer unha participación máis comprometida cos feminismos
I2.8.- O 75% das facilitadoras das formacións son mulleres.	Acadado xa que 3 das 4 persoas que impartiron as sesións formativas no marco do proxecto foron mulleres.
I2.9.- A lo menos incorporado na web 5 estudos/ferramentas relevantes sobre a Axenda 2030, DD.HH e participación, 1 dos cales sobre feminismo/ participación feminista	Acadado xa que 5 estudos/ferramentas foron incorporados á web de O Globo

R3 HABILITADO UN ESPAZO DE ENCONTRO DE PARTICIPACIÓN SOCIAL PARA O EXERCICIO DA CIDADANÍA GLOBAL, VII ENCONTRO. O GLOBO COMO ESPAZO DE PARTICIPACIÓN.

Indicadores	Observacións da avaliación
I3.1.- VII Encontro de O Globo celebrado	Acadado xa que o 13 de xuño de 2025 tivo lugar o VII Encontro de O Globo en Santiago de Compostela.
I3.2.- 12 colectivos participan no VII Encontro de O Globo.	Acadado e superado xa que contaron con 16 colectivos participantes.
I3.3.- 5 centros educativos participan no VII Encontro de O Globo.	Non acadado o logro dos 5 centros educativos. Foron 3 centros educativos os que participaron do VII Encontro.
I3.4.- 20 persoas participan por vez primeira nun Encontro de O Globo.	Acadado e superado xa que foron máis de 20 persoas as que participaron por vez primeira nun Encontro de O Globo.
I3.5.- Polo menos, 1 representación do Sur Global participará no VII Encontro de O globo.	Acadado 1 microexperiencia do Sur Global estivo presente no Encontro
I3.6.- Máis de 50 persoas participan no VII Encontro de O Globo.	Acadado e superado 120 persoas participan do VII Encontro.
I3.7.- 70 % das persoas participantes indican mediante unha enquisa cuberta ao finalizar o Encontro que o espazo habilitado favoreceu a adquisición de aprendizaxes para a participación social.	Acadado e superado O 95,8% das persoas que cubriron a enquisa indicaron que este espazo de participación habilitado favoreceu a adquisición de aprendizaxes vinculadas á participación.
I3.8.- O 60% das persoas asistentes ao VII Encontro de O Globo son mulleres.	Acadado xa que o 58,33% das persoas que asistiron ao VII Encontro foron mulleres.

Sobre a eficacia do Resultado 3.

- O grao de eficacia neste resultado é elevado logrando un 87.5% de éxito. Así, 7 dos 8 indicadores previstos na formulación acadáronse.
- Do total de 8 indicadores vinculados ao R.3, 4 foron superados sobre o inicialmente formulado permitindo valorar un maior grao de eficacia no VII Encontro de O Globo a partir da previsión inicial.
- A falta de alcance do indicador 3.3 está na base do proceso de revisión interna de SIG co proxecto de O Globo que terá efecto na eficacia das seguintes fases.

R4 PROXECTADO O GLOBO ENTRE A SOCIEDADE GALEGA COMO FERRAMENTA ÚTIL PARA A PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN DENDE O PARADIGMA DA ECG, A INCIDENCIA POLÍTICA E SOCIAL.

Indicadores	Resultados
I4.1.- A web de O Globo conta con contidos actualizados.	Acadado
I4.2 -A lo menos 10 noticias de actualidade publicadas no Caderno de O Globo.	Acadado xa que foron verificadas as 10 publicacións no apartado de O Caderno no marco de O Globo.
I4.3 As redes sociais de O Globo contan actualízanse con 1 publicación nova cada semana	Acadado xa que foi verificado que houbo unha actualización e publicación nas redes sociais de O Globo cada semana.
I4.4.- A web de O Globo incorpora, a lo menos, 20 microexperiencias de transformación nesta edición.	Non acadado xa que non acadaron cuantitatitativamente o indicador previstas logrando 16 novas microexperiencias na web de O Globo
I4.5.- Dinamizadas as RR.SS baixo a marca O Globo e seguindo o establecido no Plan de Comunicación.	Acadado xa que foi posible verificar a dinamización das redes sociais de O Globo.
I4.6.- Incrementado nun 30% o número de seguidores/as en Instagram, un 15% en Facebook e un 30% as visitas á páxina web.	Non acadado como media das 3 redes sociais xa que a pesar do 36,72% de seguidores/as en Instagram, soamente acadaron 1,98% en Facebook e un 1,43% as visitas á páxina web. Quizás este indicador precisa dunha revisión xa que en moitos casos estos datos reflicten cambios de tendencia nos usos das RRSS e non ten que ver co alcance do proxecto como tal
I4.7.- A lo menos 5 impactos en medios tradicionais.	Acadado e verificado como o resto de indicadores.
I4.8.- A lo menos difundida a experiencia de O Globo en 2 entornos pedagóxicos	Acadado e verificado como o resto de indicadores.
I4.9.- Visibilizado O Globo a través do rexistro do CENIT. Mapa de experiencias en ECG	Acado Acadado e verificado como o resto de indicadores.

R5 FOMENTADA A COORDINACIÓN E A ANÁLISE DO PROXECTO DE CARA Á SÚA VISIBILIDADE, SOSTIBILIDADE E A APRENDIZAXE COLECTIVA.

Indicadores	Observacións da avaliación
I5.1.- A lo menos 3 reunións de tódalas persoas do equipo técnico e das persoas voluntarias implicadas na visibilización de microexperiencias.	Acadado 3 reunións verificadas.
I5.2.- A lo menos 2 reunións do Prisma realizadas.	Acadado 2 reunións de O Prisma realizadas
I5.3.- Renovado o órgano reitor de O Globo (O Prisma).	Extinción de O Prisma. Decisión valorada como positiva pola análise realizada a nivel interno por SIG, coherente co deseño das futuras propostas.

Indicadores	Observacións da avaliación
15.4.- O informe de avaliación realizado publícase, difúndese e está accesible nas canles de comunicación de O Globo e de SIG Galicia.	Depende da entrega do presente informe de avaliación externa do proxecto O Globo.
15.5.- A licenza dos documentos de diagnóstico e avaliación do proxecto fomenta a liberdade de uso, copia, estudo, modificación e redistribución das persoas usuarias dos mesmos.	Depende da entrega do presente informe de avaliación externa do proxecto O Globo.
15.6.- Elaboración dunha Liña de Base do proxecto, con enfoque glocal e feminista.	Acadado ao 100%.

A modo de conclusión:

A nivel de Obxectivo Específico o grao de eficacia na lóxica interna da proposta formulada é elevado.

É posible afirmar que, por pequenas variacións, os indicadores que miden o alcance dos resultados lograronse con éxito. Sobre un total de 35 indicadores vinculados a resultados, 26 foron acadados (un 75 % de eficacia a nivel de resultados).

O resultado 2 foi o que acadou menor grao de eficacia por non lograr 4 dos indicadores previstos. Isto, xa referido anteriormente, atópase na base de moitas reflexións cara a redefinición do futuro de O Globo.

O resultado 5 acadou un grao elevado de eficacia permitindo unha axeitada coordinación e aprendizaxe colectiva.

As modificacións do cronograma inicialmente previsto foron pertinentes e non afectaron ao obxectivo específico de proxecto así non tivo maior impacto:

- O retraso da actividade formativa con María Galindo pasando da virtualidade á presencialidade supuxo unha clave diferenciadora deste espazo formativo en parte pola presenza e estilo da comunicadora, así como polo intercambio de opinións e observacións xeradas entre as persoas asistentes.*
- O retraso da actividade 4.3 non tivo impacto negativo. Semellou oportuno o cambio de decembro e abril a novembro-decembro e maio.*
- Igualmente acontece co retraso da reunión do equipo do Prisma. Era unha reunión necesaria polas decisións tomadas de cara a reformular o papel do Prisma para as seguintes edicións, pero non era urxente.*

EFICIENCIA⁹

Dende o punto de vista económico- financeiro a intervención foi eficiente, coincidindo o orzamento inicialmente previsto no documento de formulación co finalmente executado (38.600,51 €).

Os medios de xustificación dos gastos están ben descritos e se presentan ben organizados e ordenados permitindo realizar con claridade unha doada revisión dos gastos e pagos realizados.

Pode decirse que o proxecto logrou un nivel elevado de eficiencia, podendo afirmarse que o coste das actividades desenvolvidas garda correspondencia cos resultados obtidos. Os gastos foron proporcionais as accións previstas e executadas ao igual que os recursos económicos, humanos, materiais e técnicos empregados, foron axeitados á realización das actividades previstas e executadas.

O importe total do orzamento do proxecto, así como a subvención da Xunta de Galicia foron executados ao 100%. O gasto total executado ao final das actividades foi de 38.600,51 € dos que 35.000 € corresponderon á cofinanciación da Xunta de Galicia. Esta contía finalmente executada coincide coa prevista inicialmente no documento de formulación. A subvención da Xunta de Galicia executouse ao 100%, e para os fins previstos.

A continuación, realízase a comparativa de gasto previsto e executado resultante da documentación facilitada pola entidade coordinadora do proxecto:

PARTIDAS	PREVISTO (€)	EXECUTADO (€)	% EXECUCIÓN
A.I. Identificación e línea de base	2.300	2.300	100%
A.III. Axudas de custo, gasto desprazamento, remuneracións	5.931,90	5.809,19	97,93%
A.V. Actividades de Educación para o Desenvolvemento	1.941,09	1.523,63	78,49%
A.VI. Persoal	22.263,68	19.516,65	87,66%
A.IX. Avaliación	2.600	2.600	100%
COSTES DIRECTOS	35.036,67	31.749,47	90,62%
COSTES INDIRECTOS	3.563,84	6.851,04	192,24%
COSTE TOTAL PROYECTO	38.600,51	38.600,51	100%

Como ven sendo habitual nun proxecto desta natureza, a verba orzamentaria onde se concentrou a maior parte da subvención foi na partida de persoal con 19.853,60 € previstos e 18.609,60 € finalmente executados.

Identifícanse variacións orzamentarias nos importes da subvención, nas verbas relativas ás axudas de custo, actividades de EPD e persoal que foron compensadas co reaxuste orzamentario correspondente na verba de custos indirectos. A contía do aporte de SIG prevista dende o inicio do proxecto (3.600,51 €), mantívose á finalización e peche do mesmo.

Pode concluirse tamén, que o proxecto foi eficiente na súa xestión económica.

⁹ Para a valoración deste criterio realizouse unha revisión documental do informe económico final e da documentación xustificativa aportada ao donante pola entidade contratante (SIG).

IMPACTO

Para abordar o estudo do impacto acadado nesta fase de O Globo realizase unha análise da información derivada do informe técnico final do proxecto, así como das conversas mantidas co persoal técnico responsable do mesmo e a análise das fontes de verificación aportadas, incluída a información compartida “in situ” no VII Encontro do Globo e no Encontro Aberto coa activista boliviana María Galindo “Non se pode descolonizar sen despatriarcalizar: unha primeira aproximación á teoría e proposta da despatriarcalización”, do colectivo Mujeres Creando.

Antes de expoñer os principais efectos positivos da intervención debemos resaltar o seguinte en termos da participación:

- O proxecto desenvolveuse en todo o territorio galego aínda que non dun xeito homoxéneo no referente a participación por provincias. Neste sentido, a nivel da participación dos colectivos na promoción de microexperiencias de transformación social, predominaron as microexperiencias na provincia da Coruña e Pontevedra fronte as de Ourense ou Lugo, onde non se identificou ningunha microexperiencia á finalización da intervención. O mesmo acontece cos centros educativos finalmente involucrados na acción: sendo tres da provincia da Coruña (CPI Virxe da Cela de Monfero, CEIP San Francisco Javier da Coruña e CEIP Melide nº1) e 1 da provincia de Pontevedra (CEIP Manuel Sieiro).
- Non se recolle no informe técnico final ningún dato sobre o colectivo beneficiario indirecto desglosado por sexos.
- Da formación ao profesorado beneficiáronse un total de 6 persoas (5 mulleres e un home).
- Os colectivos sociais e entidades finalmente involucrados na acción foron 12. A maioría da provincia da Coruña e todos eles contan con máis dun 60% de mulleres nas súas bases sociais.
- As persoas participantes no VII Encontro o GLOBO foron un total de 120 persoas (70 mulleres e 50 homes)
- Na formación dirixida a colectivos sociais e entidades participaron un total de 55 persoas: 3 persoas (2 homes e 1 muller) na formación previa ao VII Encontro e 52 persoas asistentes (49 mulleres e 3 homes) ao Encontro Aberto “Non se pode descolonizar sen despatriarcalizar”.
- Identifícanse dificultades para manter unha participación sostida nalgúns procesos formativos, sobre todo o dirixido ao profesorado.

Os principais impactos positivos da intervención detectados son os seguintes:

1. Solidez da rede de traballo artellada, durante estes anos, polo equipo de SIG co conxunto de centros de ensino, universidades galegas, ONGDs e colectivos sociais participantes no proxecto e que veñen acompañando este proceso colectivo no tempo.
2. Identificación maioritaria entre as persoas participantes de O Globo como espazo de participación social.
3. Bo nivel de participación e valoración positiva do VII Encontro de O Globo (120 persoas fronte ás 50 previstas) e do Encontro Aberto coa activista boliviana María Galindo “Non se pode descolonizar sen despatriarcalizar: unha primeira aproximación á teoría e proposta da despatriarcalización” (52 persoas asistentes a un encontro inicialmente programado coma virtual).

4. Presenza de (1) microexperiencia do Sur Global presente no VII Encontro.
5. Realización presencial (non prevista) da formación impartida pola activista boliviana María Galindo, inicialmente prevista en formato en liña, que supuxo un claro valor engadido para o proxecto.
6. Óptima visibilización da iniciativa: incrementáronse nun 36,72% o nº de seguidores/as en Instagram, un 1,98% en Facebook e un 1,43% as visitas á web. Tamén conseguíronse 5 impactos en medios tradicionais, difundíuse a experiencia en 3 entornos pedagóxicos e foi visibilizado O Globo no CENIT Mapa mediante a microexperiencia “Radio cun sorriso: Cidadáns do mundo!!!. Ningunha guerra é allea!!!”. Asemade, incorporáronse na web 5 estudos/ferramentas sobre a Axenda 2030, DD.HH e participación (1 deles sobre feminismo).
7. Fortalecemento de mecanismos de xestión interna de SIG. O elevado nivel de esixencia do traballo de planificación e execución que require o proxecto ten levado, á propia organización, a trasladar as aprendizaxes no eido da participación dentro dos seus órganos sociais, abrindo espazos para o fomento da implicación activa da xente máis nova e tamén á xeración de espazos participativos para a autocrítica e a análise da razón de ser da propia intervención e á súa contribución á transformación social.

Como consecuencia deste proceso a entidade adoptou medidas orientadas a simplificar estruturas, concentrar esforzos nas accións centrais do proxecto e a reforzar formas de acompañamento máis flexibles e adaptadas á realidade das persoas participantes. Asemade, ten apostado por abordar un proceso de elaboración de liña de base que ten integrado a reformulación de obxectivos e resultados do proxecto, permitindo de cara a novas formulacións reorientar a intervención tendo en conta indicadores de natureza máis cualitativa.

Os principais impactos negativos son os derivados da/o:

1. Non homologación pola Consellería de Educación da formación dirixida ao profesorado.
2. Escasa participación do profesorado nos itinerarios formativos máis longos.
Consecuencias:
 - Dos/as 11 profesores/as previstas, asistiron á formación 8 e só 3 docentes completaron e superaron a formación CAFI.
 - Só 5 docentes dos/as 6 que participaron na enquisa de valoración da formación indican que adquiriron novos coñecementos para fomentar a participación social con enfoque de ECG nas aulas ao finalizar o proceso formativo.
3. Non sustentabilidade dalgúns espazos de coordinación formal, como o órgano reitor O Prisma, cuxa utilidade foi diminuíndo co paso do tempo, decidíndose consensuadamente a súa extinción (e non renovar o seu órgano xestor)
4. Pouco número de centros de ensino implicados (4) fronte aos previstos (10).
5. Da amplitude da dimensión territorial do proxecto, o cal abrangue toda Galicia. Isto ten levado á formulación de obxectivos excesivamente ambiciosos que, neste caso, teñen dificultado a medición do impacto e da evolución do impacto do proxecto.
Asemade, ten derivado nunha participación pouco homoxénea dende un punto de vista territorial de colectivos no referido á promoción de microexperiencias de transformación social: sendo predominantes as microexperiencias na provincia

da Coruña e Pontevedra fronte as de Ourense. Se ben déronse 2 microexperiencias desenvolvidas en todo o territorio galego e 1 no exterior (Sáhara occidental), non se identificou ningunha microexperiencia na provincia de Lugo. A metade delas foi en entornos rurais, non superando tampouco o indicador de máis da metade das microexperiencias neste ámbito.

6. Limitada incorporación, en termos de impacto, da perspectiva feminista no conxunto da intervención, reducíndose esta, na práctica, á recollida de datos de participación das mulleres fronte aos homes nas actividades do proxecto como se reflicte a continuación:
 - “A participación das mulleres fronte aos homes nas diferentes actividades do proxecto supera o 60% de participación prevista nas actividades relativas á formación a profesorado (83,33%) e na formación a colectivos (90,91%)”.
 - “O 75% das facilitadoras das formacións son mulleres”.
 - “25 das 26 persoas que cubren o cuestionario de avaliación da formación con Mujeres Creando (o 96,15%), afirman ter adquiridos coñecementos e habilidades para exercer unha participación máis comprometida con respecto aos feminismos”.
 - “O 80 % das micro experiencias presentadas foron presentadas por mulleres”.

Se ben se valora positivamente a incorporación dende un punto de vista xeral deste enfoque e a realización de “Informe de análise da perspectiva feminista nas microexperiencias” (no que se teñen en conta elementos tales como a contribución á desarticulación de estereotipos e prexuízos machistas, a inclusión e recoñecemento da voz de mulleres e homes, promovendo a participación activa en todas as fases, a incorporación de algunha actividade específica sobre feminismos, o uso dunha linguaxe inclusiva, igualitaria e non sexista e o fomento da equidade de xénero, partindo das desigualdades estruturais existentes), é importante non perder a perspectiva de que o sector da educación para o desenvolvemento ten claramente unha maior presenza feminina por unha combinación de factores sociais, históricos e estruturais, vinculados aos roles de xénero tradicionais, a unha feminización do social (os ámbitos con menor recoñecemento económico ou prestixio —como a educación comunitaria ou o traballo social— adoitan estar máis feminizados, reflectindo desigualdades estruturais), compromiso coa xustiza social e barreiras existentes noutros sectores (a exclusión ou dificultade de acceso a ámbitos máis valorados ou mellor remunerados empurra tamén a moitas mulleres cara a sectores como este) Isto é, a súa participación neste ámbito, non é unha “elección natural”, senón o resultado de construcións sociais de xénero e desigualdades que o propio feminismo busca cuestionar e transformar. Tendo todo isto en conta, ademáis de xornadas como a organizada con María Galindo deberíase tentar obxectivarse (con máis indicadores que a medición da participación das mulleres nas actividades) o aporte feminista das microexperiencias seleccionadas, por exemplo.

7. Formulación de indicadores esencial e predominantemente, cuantitativos o cal ten limitado a medición efectiva dos impactos da intervención.

Por último, compre salientar que a estratexia de comunicación combinou as canles dixitais propias de SIG (páxina web e redes sociais) coa presenza en medios de comunicación tradicionais, priorizando a difusión das microexperiencias de transformación social, das accións formativas e dos espazos de encontro do proxecto.

Seguindo a información facilitada por SIG:

- Durante o período de execución do proxecto rexistráronse arredor de 1.400 persoas usuarias activas da páxina web, incrementándose o número de visitas con respecto ao ano anterior. Publicáronse 16 iniciativas de transformación social, 10 novas no Caderno e 5 recursos na sección “Ferramentas”.
- No ámbito das redes sociais, realizáronse publicacións semanais en Instagram e Facebook: Instagram consolidouse como a principal canle do proxecto, alcanzando 2.552 persoas seguidoras (fronte ás 1.615 do ano anterior) e un alcance acumulado anual de 13.300 contas, o que supón un incremento do 48,2 %. Facebook, con 202 persoas seguidoras, mantivo unha actividade máis moderada pero continuada, con 624 visitas e 136 interaccións rexistradas durante o período do proxecto.
- O vídeo resumo do VII Encontro de O Globo subíuse ao canle de YouTube acadando as 171 visualizacións validadas.
- E en relación aos medios de comunicación tradicionais, realizouse o envío de notas de prensa a un directorio de medios locais e autonómicos, acadándose cinco impactos en prensa dixital e escrita, vinculados principalmente ás iniciativas de transformación social, ao Encontro anual e á formación impartida o 8 xaneiro de 2026 por María Galindo no Museo do Pobo Galego.

SOSTIBILIDADE

O proxecto garda correspondencia co VI Plan director da Cooperación Española 2024-2027 e coa Estratexia Española de ED e tendo en conta o donante da acción, particularmente coa Estratexia Galega de ED (Eixos 1, 2 e 4) e o V Plan Director da Cooperación Galega 2023-2026 (Ámbito Estratéxico 7 "Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social positiva, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable e as microexperiencias contribúen as prioridades transversais"). Asemade, garda correspondencia coa Axenda 2030 e os ODS, que están presentes na concepción do proxecto e incluídos como criterio de selección das diferentes temáticas das micro-experiencias de transformación social.

Como outro dos elementos garantes da sostibilidade da intervención, atópase a importante e sólida rede de traballo contruída por SIG, durante estes anos, co conxunto de centros de ensino, universidades galegas, ONGDs e colectivos sociais participantes no proxecto, os casi contan con experiencia no eido da EPDCG e veñen acompañando este proceso colectivo no tempo.

Por último, o alto nivel de compromiso e apropiación do persoal de SIG coa intervención, sumado á súa boa capacidade de adaptación e reacción á hora de ter que abordar decisións estratéxicas orientadas a mellorar a calidade e o impacto das accións, constitúe outro dos elementos institucionais favorables á sostibilidade da acción no tempo.

Se ben SIG non conta cunha estratexia específica de sostibilidade do proxecto, si aposta por manter a visibilidade e a participación das microexperiencias (iniciativas) a través da web de O Globo e da asistencia aos Encontros organizados e as Xornadas de formación e participación previstas.

Entre os elementos susceptibles de poñer en risco a sostibilidade da intervención:

- Limitacións na participación do profesorado nos itinerarios formativos de máis longa duración. A partir das reunións durante a definición da liña de base valorouse que nas próximas fases do proxecto deixarán de traballar formacións co profesorado xa que non acada os resultados e impactos esperados polo que non paga a pena seguir contemplando estes espazos.
- Uso e a utilidade da web do Globo. O volumen de microexperiencias rexistradas, segundo o formato e a clasificación actual, poden ser pouco operativas e non lograr a utilidade quedando simplemente nunha base de datos. Se ben é certo que a metodoloxía e tecnoloxía utilizada é moi axeitada para os obxectivos do proxecto será necesario revisar o enfoque e a utilidade para coñecer o aproveitamento das microexperiencias xa compartidas.
- Financiamento necesario. Contar cos recursos económicos necesarios para levar a cabo iniciativas como a avaliada que permitan acompañar todo o proceso. A dependencia de financiación pública pode poñer en risco a sostibilidade deste proxecto.

7. CONCLUSIÓN e RECOMENDACIONES

CONCLUSIÓN

- O proxecto acadou os **obxectivos** marcados, executando todas as actividades previstas co orzamento definido inicialmente. Atópase unha xustificación obxectiva na solicitude de demora entendendo que, o aproveitamento da sesión de formación presencial de María Galindo, mellorou o impacto da xornada.
- O proxecto acadou un elevado grao de **pertinencia**, ao corresponderse coas prioridades cos principais instrumentos de política pública e planificación da Cooperación Galega e da Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global favorecendo a xeración de espazos de formación e participación que xeren pensamento crítico.
- En termos de **eficacia**, a intervención contribuíu á consecución dos obxectivos plantexados na MML do proxecto. Tamén foron realizadas as actividades vinculadas aos 5 resultados definidos. O grao de eficacia acadada polos indicadores marcados é dun 75% a nivel de obxectivo específico polo que semella elevada.
- O proxecto ten logrado un axeitado grao de **eficiencia**, a nivel de execución orzamentaria segundo o previsto na formulación.
- No relativo ao **impacto**, o Globo ten acadado espazo de recoñecemento como se observa nas enquisas realizadas tras o VII Encontro de O Globo do 13 de xuño de 2025. A metodoloxía implementada, as microexperiencias recompiladas e a visibilización das mesmas, así como os espazos de participación xerados permiten o coñecemento doutras realidades de desigualdade e favorecen o pensamento crítico.
- As maiores feblezas atópanse na **sostibilidade** non soamente pola parte da sostibilidade económica na dependencia da financiación pública senon polo desgaste na participación do profesorado, actor clave xunto coas ONGs na xeración de pensamento crítico no marco da EPDCG. O feito de non lograr a homologación da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, a pesar do esforzo, é significativo.
- O **equipo de Solidariedade Internacional de Galicia**, conta cun alto sentido da responsabilidade e profesionalidade que se observou nos resultados acadados e no nivel de implicación nas reunións mantidas durante a avaliación.
- No eido do seguimento e xustificación da acción, se ben é óptima a **sistemática** empregada pola entidade a nivel de xestión e orde das fontes de verificación, **as ferramentas de seguimento utilizadas**, especialmente **a liña de base**, non foi realmente empregada como un mecanismo efectivo para a medición real dos impactos do proxecto.
- O proxecto acadou gran visibilidade como pode apreciarse nos anexos compartidos. Este proxecto, e o acompañamento de SIG, está tecendo unha **rede de traballo** que permite avanzar nunha cidadanía implicada e participativa na procura da transformación social.

RECOMENDACIÓN

Dende un punto de vista máis xeral:

- Pode ser o momento de comezar a falar xa de “programa” O Globo, deixando atrás o termo “proxecto”. O percorrido e os resultados acadados dende ano 2017 permiten valorar que esta iniciativa non é algo puntual e que aposta por unha continuidade no tempo. Ademáis da revisión xa iniciada por parte do equipo de SIG pode ser un exercizo pertinente inteseante e complexo valorar conxuntamente onde queren chegar co Globo nas seguintes fases.
- Partindo da premisa de que é acaido o momento para a revisión sobre o futuro e a reformulación de resultados esperados no Globo (como é o caso da formación do profesorado e a figura do Prisma para “focalizar a acción”) tamén sería interesante e oportuno valorar novas fórmulas de participación para non agotar a fórmula do Encontro anual de participación como espazo protagonista, e así garantir a sostibilidade da iniciativa.
- Na mesma dirección, sobre o enfoque da formulación será necesario repensar os resultados a medio-longo prazo que midan a transformación da cidadanía implicada, máis alá da xeración de espazos de encontro, formación e reflexión.
- A entidade debe tentar completar as memorias finais con datos concretos. Ademáis das fontes de verificación vinculadas ao longo do texto, é preciso aportar información concreta de resultados no conxunto do informe técnico.

Dende un punto de vista máis concreto:

- Unha porcentaxe moi elevada de fontes de verificación son internas, é dicir son documentos elaborados por Solidariedade Internacional de Galicia e isto non aporta rigor á proposta. Se ben son necesarias xa que tamén permiten un seguemento interno ordeado, é preferible, a pesar da dificultade, tentar acadar fontes externas de verificación en algúns procesos xa que isto aporta rigurosidade á proposta.
- Os indicadores definidos miden, na maioría dos casos, a execución das actividades, o número de asistentes e participantes, o número de visibilizacións nas redes sociais do proxecto e difusión en medios de comunicación e o nivel de satisfacción pero pouco o impacto transformador ou a reutilización das microexperiencias compartidas na web de O Globo. Por exemplo:
 - Indicador O.E.1.6 no que admiten que o 98,5% das persoas asistentes ao Encontro de O Globo identifican O Globo como ferramenta de participación, se ben é correcto, dende a Avaliación Externa, recoméndase engadir preguntas de maior calado que poidan levar a unha maior aprendizaxe cara as seguintes fases do proxecto. Tal e como está elaborada a pregunta na enquisa compartida a resposta semella obvia pero quizás podan introducirse algunhas cuestión que permitan profundizar nun maior impacto de O Globo para as seguintes fases.

- Indicador OE.1.7. Sería pertinente que o indicador a futuro sexa cuantitativo, ben tendo en conta o número de microexperiencias (iniciativas) de transformación social coas que xa contan ou ben, valorando o calado ou efecto multiplicador das experiencias previamente recollidas.
- Revisar a pertinencia de destacar como indicador a nivel de Obxectivo Específico o OE1.10 que suxire que o 60% das microexperiencias incorporan elementos que reforzan o seu carácter feminista. Quizáis debería ser formulado dito carácter feminista como un elemento condicionador e diferenciador (requisito) para valorar a incorporación desa microexperiencia ao Globo.
- Na mesma dirección que no punto anterior, a nivel do Resultado 1 será necesario valorar a pertinencia do indicador I1.3 que refire que a totalidade das microexperiencias de transformación social teñen vínculos cos ODS pois non aporta maior información: é difícil, dada a amplitude dos ODS, que estas non logren algunha relación cos mesmos, sobre todo a partir da función da EPDeCG. Se cadra, un dos indicadores podería ser como se favorece o alcance dalgún ODS ou a medición dese alcance.
- No R.3, o indicador 3.4 xustifican que máis de 20 persoas participaron por vez primeira nun Encontro de O Globo. Este dato pode verificarse nos listados das anteriores edicións de O Globo pero paga a pena completar este indicador de xeito que mida outras cuestión como aprendizaxes concretos da asistencia, por exemplo.
- A pesar das melloras incorporadas, plasmadas no informe final por SIG, pode ser moi pertinente pensar como darlle *maior espazo ao Globo como Observatorio que recolla, analice e propoña novas formas de facer EPDCG en Galicia co resto de actores implicados como ese "Lugar desde onde se observa algo"*¹⁰.
- A pesar da utilidade das enquisas unha vez finalizadas as actividades como o caso dos Encontro ou as Xornada formativas, sería oportuno repensar na hora da súa elaboración, na inclusión de novas preguntas avaliadoras que permitan arprofundar máis aló do grado de satisfacción, na experiencia e no posible impacto multiplicador que ten esa asistencia e así avanzar no proceso dunha medición da calidade (máis cualitativa) da proposta de O Globo.
- A difusión acada o seu obxectivo, é atractiva e clara, pero será necesario seguir analizando outras fórmulas complementarias para comunicar a iniciativa para que a ferramenta de O Globo teña maior uso (similar ao esforzo humano e económico realizado).
- Experimentar novas fórmulas de difusión de O Globo a pesar da dificultade de lograr alta participación nestes espazos pensando a forma de atraer á xente nova evitando fórmulas "agotadas" (como o exemplo do cartaz (I.4.8) utilizado na difusión na Universidade de Coruña).

¹⁰ <https://academia.gal/diccionario/-/termo/observatorio>

ANEXOS

- Anexo 1.- Proposta de servizos.
- Anexo 2.- Presentación análise inicial O Globo ao equipo de SIG.
- Anexo 3.- Fotografías observación obsevación participante.

ANEXO 8.1

PROPOSTA SERVICIOS LIÑA DE BASE & AVALIACIÓN EXTERNA



Proxecto PR804A 2024-24:

“O Globo: Observatorio, escola e espazo de participación”.

MARZO 2026

DEVALAR

Consultoría en cooperación internacional

PROPOSTA DE SERVIZOS



DEVALAR

Cooperación internacional

**PARA SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA -
SIG- RELATIVA Á ELABORACIÓN DA LIÑA DE BASE E
AVALIACIÓN FINAL DO "GLOBO.**

Observatorio para educar na cidadanía global" na
convocatoria 2024-2025.

26.07.2024

CONTIDO

1. ANTECEDENTES E CONTEXTO	3
2. OBXECTO E METODOLOXÍA	5
□ OBXECTO	5
□ METODOLOXÍA	6
3. DEFINICIÓN DO PLAN DE TRABALLO	8
4. CRONOGRAMA	13
5. PREZO DO SERVIZO	14
6. EQUIPA PROPOSTA PARA A ASISTENCIA TÉCNICA	15

1. ANTECEDENTES E CONTEXTO.

Desde a *Resolución sobre “Educación para o Desenvolvemento e sensibilización da opinión pública europea a favor da cooperación ao desenvolvemento (2001)*, existe un compromiso crecente e progresivo por ampliar o alcance da Educación para o Desenvolvemento mediante a súa inclusión nos plans e programas educativos, por estreitar os vínculos entre os diferentes actores e axentes involucrados e por concretar contidos, metodoloxías e recursos da Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global, que comprende dende a Educación para o Desenvolvemento, Educación en Dereitos Humanos, Educación para a Sustentabilidade, Educación para a Paz e Prevención de Conflitos e Educación Intercultural; constituíndose nas dimensións globais da Educación para a Cidadanía (Unión Europea, 2002).

Existe, obviamente, unha relación directa da Educación para o Desenvolvemento e os **Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable**, que orientan entre outras cousas as políticas e programas de cooperación ao desenvolvemento con miras ao ano **2030**. Entre estes obxectivos sinalase a necesidade de garantir unha *educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todas as persoas*.

No eido estatal, a Educación para o Desenvolvemento recoñécese coma un compoñente clave na política de cooperación na Lei 1/2023, de 20 de febreiro, de Cooperación para o Desenvolvemento Sostible e Solidariedade Global e, a nivel autonómico, coa aprobación da Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia reafirmase o compromiso e, asume como propia, a responsabilidade de cooperar con outros países para propiciar o seu desenvolvemento integral e impulsar e promover a participación social e cidadá nas accións de cooperación para o desenvolvemento, así como fomentar a educación para o desenvolvemento e a sensibilización da sociedade galega sobre a realidade dos pobos máis desfavorecidos, potenciando unha ética asentada en valores de convivencia pacífica, tolerancia e igualdade entre as persoas.

Na mesma liña, tamén desde o V Plan Director da Cooperación Galega (2023-2026) apóstase na L.A.3.3 por **“Mellorar a calidade e o impacto da educación para a cidadanía global”**.

Asemade, a **Lei Orgánica 3/2020**, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, **de Educación**, recoñece a importancia de atender ao desenvolvemento sostible de acordo co establecido na Axenda 2030. Así, a educación para o desenvolvemento sostible e a cidadanía mundial deberá incardinarse nos plans e programas educativos da totalidade do ensino obrigatorio, incorporando os coñecementos, capacidades, valores e actitudes que necesitan todas as persoas para vivir unha vida frutífera, adoptar decisións fundamentadas e asumir un papel activo — tanto no ámbito local como mundial— á hora de afrontar e resolver os problemas comúns a todos os cidadáns do mundo.

A educación para o desenvolvemento sostible e para a cidadanía mundial inclúe a educación para a paz e os dereitos humanos, a comprensión internacional e a educación intercultural, así como a educación para a transición ecolóxica, sen descoidar a acción local, imprescindibles para abordar a emerxencia climática, de modo que o alumnado coñeza que consecuencias teñen as nosas accións diarias no planeta e xerar, por conseguinte, empatía cara á súa contorna natural e social.

Neste contexto, e produto dunha longa traxectoria de traballo no eido da educación para a cidadanía global en Galicia a ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, no marco da concesión da subvención concedida por parte da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia para a execución dunha nova edición do “GLOBO: Observatorio para educar na cidadanía global” “ na convocatoria do 2024, precisa da contratación dun servizo externo da elaboración dunha **Liña de base** que permita realizar unha fotografía da realidade da educación para o desenvolvemento así como unha **Avaliación final** que poda medir o impacto dos resultados acadados con esta nova aposta do GLOBO e o seu impacto en Galicia.

O GLOBO é unha ferramenta para a promoción da cidadanía global. O GLOBO alberga e impulsa micro-experiencias de transformación social compartidas coa sociedade a través dun encontro anual e dun espazo web que alberga entre outras ferramentas, as micro-experiencias.

Preséntase, nesta proposta de servizos, as claves metodolóxicas e o enfoque de traballo necesario que poda medir impactos nunha proposta destas características.

2. OBTENTO E METODOLOXÍA.

• OBTENTO.

Servizos de Asistencia Técnica para Solidariedade Internacional de Galicia para a realización dunha Liña de base e unha Avaliación final no marco dunha nova edición do “GLOBO: Observatorio para educar na cidadanía global” ao longo do 2024 e 2025.

Así, esta asistencia técnica concretarase en:

- **RESULTADO 1: Elaboración dunha liña de base** que permita debuxar unha fotografía da situación actual (presente) da experiencia do GLOBO a partir da análise do estado do espazo web e das microexperiencias desenvolvidas, concretamente:
 - Deseño metodolóxico da liña base.
 - Definición da natureza dos datos necesarios e criterios de análise nunha experiencia de continuidade como é O GLOBO.
 - Definición dos Instrumentos de recolección de información.
 - Recollida de información no espazo web e no espazo físico seleccionando actores clave e microexperiencias (ámbito educativo, terceiro sector e da Coordinadora Galega de ONGDs e administración)
 - Procesamento de datos recollidos e análise da información
 - Informe Preliminar, e discusión de resultados, con Solidariedade Internacional de Galicia
 - Informe final da Liña de Base 2024-2025 da experiencia O GLOBO.
- **RESULTADO 2: Avaliación final do proceso**¹, que permita medir o impacto do GLOBO nos avances da Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global en Galicia, así como a lexitimación e recoñecemento desta ferramenta.

A partir da información levantada na Liña de Base e dos indicadores da *Matriz de Marco Lóxico*, recollidos e sistematizados polo persoal de Solidariedade Internacional de Galicia, do proxecto *financiado na convocatoria de Proxectos de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global 2024* realizarase unha avaliación final que permita medir os impactos acadados. Para iso será preciso:

- Deseño dun sistema de avaliación final específico, a partir dos indicadores obxectivos, cuantitativos e cualitativos, marcados na MML e para cada unha das accións de Educación para o Desenvolvemento sobre as que se levantou a Liña de Base.
- Revisión documental, recollida inicial de datos e preparación das visitas as microexperiencias seleccionadas coa colaboración dos

¹ A Avaliación realizada pola Asistencia Técnica estará centrada de forma específica nunhas prácticas destacadas do GLOBO, a partir do foco posto pola Liña de Base levantada.

equipos docentes responsables de cada intervención e outros actores clave vinculados á Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global.

- Realización de visitas aos centros de ensino e microexperiencias obxecto da avaliación. Recollida de información primaria xunto aos actores clave (alumnado e profesorado) e recollida de información secundaria complementaria segundo o contexto de cada microexperiencia analizada.
- Devolución de resultados preliminares e retroalimentación (Informe borrador) con Solidariedade Internacional de Galicia
- Elaboración do Informe Final de Avaliación e presentación do mesmo conforme ao prazo acordado pola entidade contratante.

• METODOLOXÍA

Esta Asistencia Técnica apoiarse en diferentes metodoloxías ao longo de todo o servizo que poden agruparse, segundo o resultado previsto, nun enfoque complementario teórico e práctico.

Así, a parte teórica:

- Revisión e análise en profundidade de documentación das accións executadas no Globo no eido da Educación para o Desenvolvemento, nos microexperiencias e entidades seleccionadas conxuntamente con Solidariedade Internacional de Galicia. Esta análise axudará a sistematizar procesos, sacar conclusións e destacar tendencias que permitan reorientar estratexias da Educación para o Desenvolvemento a futuro en Galicia.
- Na análise e revisión da documentación xerada polas microexperiencias no momento da avaliación final.

Na mesma liña contará cunha metodoloxía práctica que se apoiará na definición de ferramentas para a recollida de información e organización de entrevistas en profundidade aos actores clave vinculados ao terceiro sector ou a Coordinadora Galega de ONGDs ou ao ámbito educativo..

Para a recollida de información harmonizaranse técnicas cualitativas e cuantitativas:

- Cualitativas: análise discursivo, entrevistas en profundidade e grupo de discusión.
- Cuantitativas: para dar resposta a aquelas preguntas que requiran cuantificación.

Esta combinación de técnicas permitirá captar datos desde unha dobre vertente:

Datos primarios, xerados a partir da aplicación de técnicas específicas de captación de datos e dirixidas á realización da análise.

Datos secundarios, sistematizados a partir da propia documentación recopilada (actividades, microexperiencias, informes das microexperiencias analizadas, etc.)

Tanto no enfoque teórico como práctico traballárase a partir dos criterios de obxectividade, calidade, discreción e profesionalidade ao longo de todo o proceso tendo sempre en conta as seguintes premisas:

1. Imparcialidade: neutralidade, transparencia e equidade no proceso de análise e xeración de conclusións
2. Credibilidade: validez e o rigor na análise dos datos empregados no proceso.
3. Carácter retroalimentador: xeración de información que contribúa a retroalimentar o proceso de toma de decisións e a aprendizaxe para as seguintes convocatorias do GLOBO.

3. DEFINICIÓN DO PLAN DE TRABAJO

Poden avanzarse, de forma aproximada, a organización do servizo proposto nas seguintes fases:

Plan de Trabajo previsto para o RESULTADO 1 (Elaboración da Liña de Base) Fase de gabinete (inicial) (Duración: 2 semanas)

- Revisión de información das accións executadas (encontros, guías, materiais de comunicación, etc) no GLOBO a partir do criterio acordado con SIG ben criterio temporal, sectorial, xeográfico ou de impacto.
- Deseño metodolóxico da liña base
- Definición da natureza dos datos necesarios para súa posterior análise
- Definición dos Instrumentos de recolección de información

Fase traballo de campo (presencial e/ou virtual) (Duración: 2 semanas)

- Entrevistas a actores clave das microexperiencias do GLOBO seleccionadas
- Grupo de discusión presencial organizado con representación dos diferentes actores clave.

Fase de gabinete (final): (Duración: 1 semana)

- Procesamento de datos recollidos e análise da información
- Informe Preliminar e discusión de resultados con Solidariedade Internacional de Galicia
- Informe final da Liña de Base

Plan de Trabajo previsto para o RESULTADO 2 (Avaliación final)

Fase de Gabinete. (Duración: 2 semanas)

A. REVISIÓN DOCUMENTAL: Será preciso analizar todos os documentos derivados das anteriores convocatorias e documentos de avaliación vinculadas ao GLOBO e definir principais necesidades de información. Todo iso para completar o sistema de avaliación deseñado para o conxunto das accións obxecto de avaliación en coherencia coa súa lóxica interna adecuando ao máximo as técnicas de investigación e dinámicas a empregar . Trátase así de procurar que o sistema de avaliación deseñado estea orientado a:

- Comprobar o impacto do GLOBO, e seu espazo físico e o seu espazo web.
- Facilitar toma de decisións futuras, servindo de base para a mellora continua.
- Comprender os límites e acertos da experiencia O GLOBO de Educación para o Desenvolvemento para definir cara onde avanzar.

Entre os documentos que serán revisados para a realización da avaliación final encontraranse:

- Documento de Formulación do Proxecto financiado pola Cooperación Galega
- Matriz de Marco Lóxico da Intervención².
- Información básica das convocatorias anteriores do GLOBO³
- Información pública no espazo web O Globo e O Prisma.
- Liña de base, diagnósticos e/ou estudos específicos.
- Documentación e fontes de verificación vinculada ás microexperiencias pasadas e a súa continuidade.
- Estudos/Informes sobre Educación para o Desenvolvemento nos actores implicados.
- Outros que sexan considerados de interés pola equipa de consultoras unha vez recibido a información a revisar

B. RECOLLIDA INICIAL DE DATOS: Nesta fase procederase ao deseño das ferramentas metodolóxicas para a recollida, procesamento e análise da información, que garantan a fiabilidade das fontes e o rigor no seu procesamento e análise. A recollida inicial de datos realizarase en base ás microexperiencias seleccionadas e a documentación de referencia dos centros de ensino analizados. Como xa se comentou anteriormente, os datos captaranse desde unha dobre vertente:

² O indicadores marcados da Matriz de Marco Lóxico, serán recollidos e sistematizados polo persoal de Solidariedade Internacional de Galicia,

³ Definirase o criterio de análise posteriormente con SIG segundo avance a Asistencia Técnica.

A. Consulta de **Fontes Secundarias** de datos:

- Recopilación de documentación e informes xerados ao longo da execución das accións.
- Recopilación de datos socio-educativos referidos ao ámbito territorial de intervención e á poboación destinataria de cada intervención.
- Análise da documentación previa, informes e estudos específicos.

B. Captación de **Datos Primarios** mediante:

B.1 Técnicas cualitativas de recollida de datos:

- Observación directa das accións realizadas mediante visitas in situ aos centros de ensino (profesorado e alumando)
- Entrevistas en profundidade, sobre unha mostra dos/as principais axentes implicados/as na execución das accións de Educación para o Desenvolvemento (centros de ensino, Coordinadora Galega de ONGDs, etc)
- Entrevistas grupais ou grupos de discusión.
- Análise discursivos e observación participante.

B.2 Técnicas cuantitativas de recollida de datos:

- Cuestionarios realizados a unha mostra do profesorado, alumnado dos centros de ensino seleccionados e de actores clave vinculados ao eido educativo ou do terceiro sector como a Coordinadora Galega de ONGDs.

C. DEFINICIÓN DE INDICADORES: O equipo avaliador completará os indicadores marcados inicialmente e planificará o traballo cos actores clave implicados. Durante o proceso de avaliación, o equipo de avaliadoras manterá permanente comunicación coa entidade contratante

D. PREPARACIÓN DA AXENDA DE TRABALLO: levaranse a cabo entrevistas cos/coas informantes clave das experiencias seleccionadas e obxecto de avaliación. En coordinación con eles procederase á identificación doutros actores clave.

3.2 Realización das visitas aos centros/espazos nos que tiveron lugar microexperiencias do GLOBO (Duración: 2 semanas)

O equipo avaliador encargaráse de realizar as tarefas de avaliación de xeito coordinada co equipo de Solidariedade Internacional de Galicia e cos equipos implicados dos Centros de Ensino seleccionados para medir o impacto das microexperiencias do GLOBO

As visitas aos centros de ensino desenvolveranse nun periodo temporal de 2 semanas. Durante as mesmas realizaranse:

- Reunións, entrevistas en profundidade con actores clave.
- Grupos focais ou de discusión con carácter participativo..
- Visitas de observación directa ou recoñecemento.
- Revisión de documentación in situ.

Toda a información recabada deberá quedar rexistrada para a súa posterior inclusión no informe final de avaliación.

Durante todo o proceso de recollida da información necesaria, o equipo avaliador seguirá un enfoque eminentemente **participativo** e **práctico**. Participativo, convocando ao alumnado e profesorado implicado e entidades clave nas diferentes microexperiencias e práctico, tendo como base preguntas concretas a cada interlocutor/a en función da necesidade de información.

Será criterio da equipa tentar a **paridade** nos grupos focais e nos actores chave a entrevistar, tentando analizar as necesidades diferenciadas de nenos e nenas, profesores e profesoras ou outro perfil profesional.

3.3 Elaboración do Informe de Avaliación (Duración: 2 semanas)

- Análise dos Datos.

Para determinar a pertinencia dos obxectivos, o seu grao de realización, a eficiencia na execución, a eficacia, o impacto e a sostibilidade das microexperiencias o sistema de avaliación establecerá un procedemento de análise de contidos que combine:

Análise de datos cualitativos: realización de resúmenes descriptivos ou mediante clasificación das respostas en categorías

Análise de datos cuantitativos: aplicación de técnicas de tratamento estatístico de datos e análise descritivo.

- Traballo de Gabinete: Elaboración do Informe de Avaliación (borrador e definitivo)

As conclusións extraídas do proceso avaliador definiranse, na medida do posible, a modo de recomendacións, que poidan ser integradas como base nos mecanismos

de elaboración das decisións para futuras intervencións no eido da Educación para o Desenvolvemento en Galicia. Deste xeito, contéplase unha dobre finalidade para a avaliación:

- **Finalidade formativa**, de maneira que se identifiquen as necesidades de mellora de xestión sobre a base da consecución dos obxectivos e os resultados previstos.
- **Finalidade sumativa** para mellorar o coñecemento sobre o ámbito de actuación de cara ao futuro da Educación para o Desenvolvemento en Galicia.

Finalizada a revisión da primeira versión do documento procederase ao envío, por correo electrónico, da **versión final do Informe de Avaliación** á persoa responsable da entidade contratante.

4. CRONOGRAMA

A previsión temporal do servizo será similar á seguinte planificación:

PLAN DE TRABAJO RESULTADO 1 LIÑA DE BASE (por semanas)	2024					
	MES 1				MES2	
	Semana 1	Semana 2	Semana 3	Semana 4	Semana 1	Semana 2
Fase de gabinete inicial (recollida de información)						
Fase traballo de campo nos centros de ensino seleccionados						
Fase de gabinete (final). Procesamento de datos e elaboración da liña de base						

PLAN DE TRABAJO RESULTADO 2 AVALIACIÓN FINAL (por semanas)	2025					
	NOVIEMBRE				DICIEMBRE	
	Semana 1	Semana 2	Semana 3	Semana 4	Semana 1	Semana 2
Fase de Gabinete (revisión documental)						
Fase de traballo de campo (realización das visitas aos Centros de Ensino)						
Fase de Gabinete (Elaboración do informe de avaliación)						

5. PREZO DO SERVIZO

CONCEPTO	PREZO ⁴
RESULTADO 1: ELABORACIÓN DA LIÑA DE BASE da iniciativa “O GLOBO_ Observatorio para educar na cidadanía global 2024-2025”	2.300,00 €
RESULTADO 2: AVALIACIÓN FINAL DO PROXECTO “O GLOBO_ Observatorio para educar na cidadanía global 2024-2025”	2.600,00 €
TOTAL	4.900,00€

⁴ IVE incluído

6. EQUIPA PROPOSTA PARA A ASISTENCIA TÉCNICA

A equipa técnica que conformará esta Asistencia Técnica **conta con dúas persoas** con importantes fortalezas para o desenvolvemento do servizo ofrecido:

- 1) Experiencia específica, e recente, na prestación de servizos de consultoría de **avaliación ex-ante de** proxectos e programas de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global, e de proxectos de Cooperación exterior para a Xunta de Galicia, Concello de Santiago, Concello de Lugo e outros donantes.
- 2) Experiencia docente no eido da educación formal, especificamente vinculada a metodoloxía de xestión de proxectos de cooperación universitaria para o desenvolvemento para a RGCUD nos anos 2022 e 2023, e non formal (xornadas, seminarios, obradoiros e cursos) no entorno galego.
- 3) Ampla experiencia de traballo no Sistema de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento, tanto no contexto da Administración Europea, Española e Galega como na cooperación municipal, desenvolvida polo terceiro sector ou outros axentes da cooperación internacional ao desenvolvemento.
- 4) Coñecemento en profundidade da metodoloxía de xestión de proxectos da Cooperación Española (AECID) e da Cooperación da Unión Europea (Europeaid)
- 5) Experiencia de traballo sobre o terreo en Países en Vías de Desenvolvemento en América Latina, Asia e África, en misións de curta e longa duración, para desenvolvemento de servizos de identificación, formulación e avaliación de proxectos e programas de cooperación ao desenvolvemento
- 6) Habilidades e coñecementos teórico-prácticos e normativos do Sistema de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento.
- 7) Alta capacidade de traballo individual e traballo colectivo.
- 8) Formación específica no eido da cooperación ao desenvolvemento, da educación e da transversalización do enfoque de xénero e dereitos humanos.
- 9) Gran sensibilidade e profesionalidade coas particularidades, dificultades e complexidades das situacións de pobreza, violación de dereitos humanos, falta de acceso a recursos e servizos básicos, exclusión social e desigualdade.

- **Virginia Romero Sobral**

Licenciada en CC Políticas e da Admón. Máster en Acción Solidaria Internacional de Europa: Cooperación Internacional, Axuda Humanitaria e Migración, Asilo e Refuxio. Diploma de Estudos Avanzados en América Latina, e Doctoranda en *“Análise comparada dos modelos de formación en Cooperación internacional ao Desenvolvemento no Sistema Universitario Galego e a súa contribución real ao alcance da Axenda 2030 en Galicia”*

Experta con mais de 20 anos de experiencia na identificación, formulación, xestión, xustificación e avaliación de programas e proxectos de cooperación ao desenvolvemento financiados pola Unión Europea, AECID, Xunta de Galicia e Fondo Galego de Cooperación (cooperación municipal)

Ampla experiencia na prestación de servizos de avaliación ex-ante para a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia, a -antiga- Obra Social Caixa Galicia, Concello de Santiago, etc. Experiencia docente como profesora interina na Universidade de Vigo.

- **Esther Rodríguez López.**

Licenciada en Dereito e Máster en Asuntos da Unión Europea.

Experta con mais de 20 anos de experiencia na identificación, formulación, xestión, xustificación e avaliación ex-ante e ex-post de convenios, programas e proxectos de cooperación ao desenvolvemento financiados pola Unión Europea, BID, AECID, Xunta de Galicia e outros doantes.

Ampla experiencia na prestación de servizos de avaliación ex-ante para a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia, a -antiga- Obra Social Caixa Galicia, o Concello de Santiago e o Concello de Lugo e ex-post (múltiples doadores) de convocatorias públicas de subvencións dirixidas a ONGDs e outros axentes.

ANEXO 8.2 PRESENTACIÓN ANÁLISE INICIAL DO GLOBO



Proxecto PR804A 2024-24:

“O Globo: Observatorio, escola e espazo de participación”.

DEVALAR

Consultoría en cooperación internacional



DEVALAR
Cooperación internacional

*Encontro con SIG.
22.05.2025.
Santiago de Compostela*

Revisión inicial Proxecto O Globo

LIÑA DE BASE_CONVOCATORIA 2024.

Compartimos debilidades identificadas para “perfilar” as necesidades da Liña de Base, xerar maiores impactos do proxecto e rendimento do servizo da Asistencia Técnica de Devalar.

DOCUMENTACIÓN REVISADA:

- DO PROXECTO
- MML
- FORMULACIÓN RESUMO DAS AVALIACIÓN 2020-2023
- BALANCE DE O GLOBO
- CONCLUSIÓN XUNTANZA SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICI A 28.03.25

Dificultades de partida : Abstracción e ambición

A identificación de partida non é correcta.

Non está correctamente formulado problema central (é a solución) a partir de ahí desencadenan outros erros.

Confusión na presentación do proxecto

As tres fases de participación (Luces-Cámara-Acción) resultan atractivas polas metáforas cinematográficas, pero pouco claras.

Soan ben pero non facilitan a comprensión do proceso metodolóxico real que segue o proxecto.

Multiplicidade de Obxectivos

Preséntanse demasiados obxectivos: promover a cidadanía global, realizar incidencia política, impulsar microexperiencias, buscar transformación social, etc.


O GLOBO é un observatorio, unha ferramenta...

Ambición

Os obxectivos son demasiado amplos. Falta concreción. Esa ambición dificulta medir o seu impacto real.

Pouca adaptación entre as limitacións da convocatoria e a proposta presentada.

Deficiencias na Formulación: condicionantes para a Liña de base



A nova orientación debería articularse arredor do eixo seleccionado no encontro do equipo de SIG o 28.03.2025:

~~Observatorio - Escola - Participación,~~

Propostas para o novo enfoque O GLOBO



Manter e consolidar

- Rede de profesorado xa creada
- Encontro anual de participación
- Espazo web creado como base de datos



Evitar

- Replicar erros da formulación.
- Ampliar microexperiencias_ mellor profundizar nas existentes.
- Desmotivar ao profesorado implicado
- Excesiva ambición -non xera impactos. Proceso lento con necesidade de acompañamento.



Redefinir Liña base -KM 0 2025 -

- Aproveitar experiencia-2017 (datos 2 anos)
- Profundizar nas claves dos proximos encontros
- Indicadores útiles (impacto) e concretos
- Temáticas anuais con invitados/as "estrela" propostos con antelación.
- Establecer conexión con premio EPDCG

AGORA OS TOCA FALAR A VOS.....!!!

OE: PROMOVER OPORTUNIDADES PARA UNHA APRENDIZAXE SIGNIFICATIVA EN MATERIA DE PARTICIPACIÓN CON PERSPECTIVA GLOBAL E FEMINISTA DAS PERSOAS ACTIVISTAS E VOLUNTARIAS DE COLECTIVOS FORMAIS E NON FORMAIS DE GALICIA (CON ESPECIAL ATENCIÓN Á MOCIDADE) E DO PROFESORADO GALEGO

RESULTADO 3: HABILITADO UN ESPAZO DE ENCONTRO DE PARTICIPACIÓN SOCIAL PARA O EXERCICIO DA CIDADANÍA GLOBAL, VII ENCONTRO. O GLOBO COMO ESPAZO DE PARTICIPACIÓN.

OE: AMPLIAR O NÚMERO DE PROFESORADO GALEGO QUE SE ACTIVE E IMPLIQUE LEVANDO Á AULA ACCIÓNS QUE FOMENTEN A EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A PARTICIPACIÓN SOCIAL, XERANDO PENSAMENTO CRÍTICO E TRANSFORMADOR DO ALUMNADO GALEGO.

RESULTADO: FORTALECIDA A PARTICIPACIÓN SOCIAL A TRAVÉS DUN ESPAZO DE REFLEXIÓN E INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS PARA O EXERCIZO CRTÍTICO DA CIDADANÍA GLOBAL.

I R3.1.- VII Encontro de O Globo celebrado.

I R3.2.- 12 colectivos participan no VII Encontro de O Globo.

I R3.3.- 5 centros educativos participan no VII Encontro de O Globo.

I R3.4.- 20 persoas participan por vez primeira nun Encontro de O Globo.

I R3.5.- Polo menos, 1 representación do Sur Global participará no VII Encontro de O globo.

I R3.6.- Máis de 50 persoas participan no VII Encontro de O Globo.

I R3.7.- 70 % das persoas participantes indican mediante unha enquisa cuberta ao finalizar o Encontro que o espazo habilitado favoreceu a adquisición de aprendizaxes para a participación social.

IR3.8.- O 60% das persoas asistentes ao VII Encontro de O Globo son mulleres.

O GLOBO

Balance



GRAZAS!!



ANEXO 8.3 FOTOGRAFÍAS OBSERVACIÓN PARTICIPANTE

Proyecto PR804A 2024-24:

“O Globo: Observatorio, escola e espazo de participación”.

Marzo 2026

DEVALAR

Consultoría en cooperación internacional



ANEXO 8.3 FOTOGRAFÍAS OBSERVACIÓN PARTICIPANTE

Proyecto PR804A 2024-24:

“O Globo: Observatorio, escola e espaço de participação”.

Marzo 2026

DEVALAR
Consultoría en cooperación internacional

VII ENCONTRO O GLOBO_13.07.2025

CENTRO DE ESTUDOS AVANZADOS – SANTIAGO DE COMPOSTELA



Espazo plenario e obradoiro de humor con Diana Sieira e Marita Martínez.



Feira de Microexperiencias de Transformación Social onde os colectivos presentaron as súas iniciativas.



Feira de Microexperiencias de Transformación Social.



Obradoiros de Fotografía Participativa e Regueifa.



Contacontos.

ENCONTRO ABERTO CON MARÍA GALINDO_08.01.2026

“NON SE PODE DESCOLONIZAR SEN DESPATRIARCALIZAR”

MUSEO DO POBO GALEGO – SANTIAGO DE COMPOSTELA

